Guía práctica

INTRODUCIÓN Á PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS

as posibilidades de financiamento da Unión Europea

| www.fundaciongaliciaeuropa.eu | Tel. (34) 981 541012 | Fax. (34) 981 541013 | santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu |

1. Marco preliminar

2. A elección do proxecto

3. A presentación do proxecto

4. A remisión do proxecto á Comisión Europea

5. A aprobación do proxecto, o seu desenvolvemento e financiamento

6. O seguimiento, a avaliación e a difusión do proxecto

1- Marco preliminar

O obxecto da presente guía consiste en presentar de maneira breve e precisa os elementos clave na preparación e o desenvolvemento dun proxecto europeo a todos aqueles operadores que poidan estar interesados potencialmente en obter financiamento comunitario. Non pretende ser un manual exhaustivo, senón unha referencia válida que sirva de axuda nunha primeira toma de contacto coas fontes de información, a terminoloxía, o proceso de xestación e a execución de proxectos neste eido.

As axudas comunitarias representan un instrumento axeitado para a realización dos obxectivos recollidos nos Tratados fundacionais da Unión Europea, entre os que se atopan a promoción do **progreso económico e social** e un **alto nivel de emprego** e acadar un **desenvolvemento equilibrado e sostible**. Igualmente, no cumio de Lisboa de marzo do 2000, os xefes de Estado e de Goberno acordaron facer da UE "a economía baseada no coñecemento máis dinámica e competitiva do mundo", este novo obxectivo estratéxico da Unión coñécese como a "Estratexia de Lisboa", que necesita toda unha serie de medidas estruturais.

A meirande parte do orzamento europeo dedícase á xestión de recursos naturais, en especial á agricultura, sendo a segunda partida en importancia a asignada á política rexional, cuxo fin consiste en reducir as disparidades entre as rexións da Unión para aproximar os niveis de desenvolvemento e conseguir así a cohesión territorial. Para cumprir con este obxectivo, a política rexional conta dende 2007 con dous fondos estruturais: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE) e un Fondo de Cohesión. Este tipo de financiamento europeo é indirecto, xa que é ofrecida de xeito descentralizado a través das autoridades nacionais ou rexionais dos Estados membros.

O resto do orzamento da UE distribúese nun amplo abano de políticas (educación e formación, ambiente, investigación e innovación, sociedade da información, enerxía e transporte...), que tamén ofrecen posibilidades moi interesantes de financiamento directo, é dicir, sen pasar polos organismos de xestión nacionais ou rexionais, a través dos **programas comunitarios**, por exemplo, o programa Leonardo da Vinci en materia de formación profesional, o programa LIFE no eido do ambiente, os Programas Marco de I+D, etc. Cada **programa comunitario** presenta un marco xeral de actuación que

contén: a definición dos obxectivos, a xustificación da adopción da medida, un calendario financeiro, os requisitos de acceso ao financiamento e as accións financiables.

Os proxectos europeos están abertos a un gran número de participantes, que varían segundo a convocatoria de propostas correspondente: institucións públicas estatais, rexionais ou locais, empresas ou asociacións de empresas, centros de investigación, ONG, asociacións, cidadáns... Certamente, a implicación activa da sociedade civil nos proxectos europeos é unha cuestión clave para a consecución dos obxectivos marcados pola Unión Europea. Mais a nosa experiencia no eido revelounos a existencia aínda dun considerable descoñecemento das políticas comunitarias, e en consecuencia, das posibilidades de financiamento que nos ofrecen.

Galicia foi e segue a ser unha comunidade beneficiaria destes fondos. A proba disto reside na modernización da súa economía e o seu crecemento dende a adhesión á UE.

O ano 2007 marca o inicio dun período vital para a nosa Comunidade na súa relación con Europa. Do 2007 ao 2013 Galicia continuará a ser unha rexión beneficiaria dos fondos estruturais malia a adhesión á Unión de Estados do Leste, cun nivel socioeconómico moi inferior aos dos antigos 15 Estados membros. Porén, as predicións vaticinan xa a perda de fondos para a seguinte tempada e, polo tanto, a sociedade galega ten que prepararse para medrar por si mesma.

Por esta razón, a aposta actual de Galicia consiste en desprazar o uso de fondos dos tradicionais investimentos en infraestruturas a recursos en formación, investigación e desenvolvemento. Desta maneira, preténdese atraer máis investimento, crear máis e mellores empregos e acelerar a converxencia económica con España e Europa. Ante este panorama, os empresarios, as institucións especializadas en investigación e desenvolvemento, as universidades e os centros tecnolóxicos terán que colaborar estreitamente na elaboración de proxectos conxuntos.

En consecuencia, este período servirá como posta a punto da sociedade civil galega na participación en proxectos europeos para acadar o máximo de beneficios que reverterán positivamente no crecemento e a produtividade.

O coñecemento dos temas europeos servirá para dar ese sempre importante pero difícil primeiro paso necesario para avanzar.

As principais convocatorias de propostas son publicadas nas fontes oficiais de información comunitaria, aínda que cada vez é máis frecuente que se publiquen exclusivamente no portal web Europa.

Diario Oficial da Unión Europea

O Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) é a publicación oficial que recolle a actividade das institucións comunitarias. Publícase todos os días laborables nas vinte linguas oficiais da UE e está dispoñible a través de Internet de forma gratuíta. Está composto por dúas series: serie L para a lexislación e serie C para as comunicacións e informacións, ademais dun suplemento S para os anuncios de contratos públicos.



A serie L publica a lexislación comunitaria (regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames), onde se recollen os diferentes programas de axudas aprobados polas institucións europeas. Pola súa banda, as series C e S son moi importantes en canto ao financiamento comunitario, xa que é aquí onde se publican oficialmente os anuncios de convocatorias de propostas e ofertas de licitación.

Boletíns Oficiais

Os Fondos Estruturais xestiónanse principalmente a través de autoridades de xestión nacional ou rexional dos territorios beneficiarios. Polo tanto, os anuncios de convocatoria de propostas e as ofertas de licitación que se realicen con cargo a estes instrumentos de financiamento publícanse nos respectivos boletíns oficiais do estado ou da rexión beneficiaria de financiamento europeo, en ámbolos dous casos na Sección III – Outras disposicións.

Diario Oficial da Unión Europea (series L e C):
http://eur-lex.europa.eu/JOIndex.do?ihmlang=es

Diario Oficial da Unión Europea (serie S): http://ted.europa.eu/

Boletín Oficial do Estado: http://www.boe.es/g/es/

Diario Oficial de Galicia: http://www.xunta.es/diario-oficial

Portal Web Europa: http://europa.eu/

Cómpre salientar tamén o apartado "axudas da UE" (*grants of the EU*) dentro do propio servidor Europa, onde se publica de forma sistemática información sobre o financiamento da UE. A páxina dá acceso aos diferentes apartados de axudas dentro das Direccións Xerais da Comisión Europea, onde se atopa toda a información relativa ás convocatorias. Certas destas convocatorias só están dispoñibles a través do Portal (Europe Aid, DX Empresa e Industria...)

Axudas da UE: http://ec.europa.eu/grants/index_en.htm

Algunhas Direccións Xerais da Comisión Europea teñen o seu propio servizo de información de programas e convocatorias de proxectos. Así, no eido da I+D+i, creouse

CORDIS, o Servizo de Información Comunitario sobre Investigación e Desenvolvemento, unha fonte de información e asistencia técnica esencial para os interesados na xestión de proxectos europeos baixo o Programa Marco de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico. Ideado como unha ferramenta básica para posibilitar e facilitar a presentación de proxectos, CORDIS constitúe un espazo de información e servizos orientado ás actividades relacionadas coa investigación, desenvolvemento e innovación. Así, incorpora sistemas de procura de socios para a formación de consorcios, anuncios de convocatorias de propostas, puntos de axuda e asistencia técnica na elaboración de propostas ou bases de datos con información sobre proxectos xa financiados en anteriores convocatorias.

Servizo CORDIS: http://cordis.europa.eu/news/home_es.html

Outras Fontes

Por outra banda, o financiamento da UE creou un gran mercado de consultoras altamente especializadas no desenvolvemento e xestión de proxectos europeos, así como na tramitación de licitacións ás convocatorias con cargo aos instrumentos de financiamento europeo.

Moitas destas organizacións traballan nun cadro de redes de colaboración que permite ampliar o eido de acción xeográfico e sectorial de cada unha delas. Entre os servizos que prestan inclúese: o acceso a bases de datos gratis e de pago, que recolle información sobre cada un dos instrumentos de financiamento da UE, realización de estudos de viabilidade das propostas ás convocatorias, a procura e tramitación de socios para a colaboración no proxecto, establecemento de contactos cos organismos responsables do financiamento, elaboración e tramitación do proxecto ante a Comisión Europea, seguimento do proceso de avaliación das propostas, etc.

Fontes de información e asistencia técnica sobre proxectos europeos:
www.fundaciongaliciaeuropa.eu

Guía de financiamento comunitario do Europe Direct da Diputación de A Coruña:
http://www.dicoruna.es/ipe/

Guía de financiamento comunitaria do Centro de Documentación Europea da Universidade de Valencia: http://www.guiafc.com/

Econet: http://www.econet.es/

Devalar: http://www.devalarconsult.com/

Aquí Europa: http://www.aquieuropa.com

Welcomeurope: http://www.welcomeurope.com/

Documentos para Presentar Unha Proposta

Unha vez que está identificada a liña de financiamento ou convocatoria do noso interese, atopámonos cunha serie de documentos que conteñen a información necesaria para desenvolver a proposta dentro dun programa concreto. Do máis xeral ao máis específico, estes documentos son os seguintes:

Programa xeral da axuda (fundamento xurídico): É a decisión xurídica pola que se aproba o Programa e se publica na serie L do DOUE. Xeralmente soe conter información sobre os obxectivos do programa, o perfil dos candidatos, a duración máxima do mesmo, a súa dotación orzamentaria e demáis datos relativos ao mesmo. No seu caso, pode aparecer tamén un Programa específico de desenvolvemento, sobre todo cando se trata de programas plurianuais.

Convocatoria da axuda (*call for proposals*): Trátase do documento polo que se invita ás partes interesadas a presentar o proxecto con cargo a un Programa determinado, publicado na serie C do DOUE. Contén a información técnica e administrativa relativa á presentación de propostas.

Guía do Usuario: Este documento contén información práctica sobre como encher o formulario de solicitude, os anexos necesarios e as normas contractuais e de procedemento que deben respectarse á hora de solicitar unha axuda.

Manual de avaliación: Aquí atoparemos o compendio de criterios que se terán en conta na fase de avaliación das solicitudes. Deste xeito, constitúe unha ferramenta moi

útil para tentar de adaptar a nosa proposta aos requisitos que serán máis valorados, incrementando así as posibilidades de éxito do noso proxecto.



© European Community, 2006

Formulario de solicitude: Son a serie de impresos que deberán cumprimentarse para que a nosa proposta sexa tramitada. Cada convocatoria ten o seu propio formulario específico, polo que non existe un formulario tipo, aínda que xeralmente se requiren unha serie de datos comúns a todas as propostas: Datos do solicitante e dos socios, a carta de acordo entre os socios, descrición do proxecto, orzamento do mesmo, etc.

Cabe subliñar que cada vez é máis frecuente substituír os formularios en papel por formularios electrónicos, canal polo que se faculta o envío da proposta directamente á Comisión Europea. Así, no VII Programa Marco de I+D, todas as solicitudes deberán facerse por vía electrónica empregando as ferramentas informáticas facilitades dende o espazo web CORDIS.

Por último, é preciso ter en conta que, en moitas das páxinas web dedicadas aos programas comunitarios, existen bases de datos onde se poden consultar os proxectos aprobados en anteriores convocatorias. Como se pode deducir, resultan unha boa guía para trazar as liñas mestras que fan a un proxecto elixible, sendo moi recomendable a súa consulta.

3 - A preparación do proxecto

Unha vez elixida a liña de financiamento e con toda a información e documentación necesaria ao noso alcance, é o momento de modelar a nosa proposta de proxecto.

A redacción da mesma pode facerse en calquera das vinte linguas oficiais da Unión Europea, aínda que é recomendable facer un resumo en inglés ou francés para facilitar a tarefa aos avaliadores e evitar que na tradución se perda parte do significado que queremos expresar.

Outro punto que, aínda que por obvio non deixa de ser importante, é o de empregar unha redacción concisa e clara, sen xiros nin frases demasiado longas. Deste xeito os avaliadores terán máis clara a mensaxe que tentamos transmitir, facendo a nosa proposta máis transparente en canto aos obxectivos a acadar.

Non podemos deixar de ter en conta que a nosa proposta, para resultar elixible, debe amoldarse aos obxectivos do Programa, e non ao revés. Unha idea, por moi boa que sexa, se non responde adecuadamente aos obxectivos do Programa, non poderá ser aprobada.

Procura de socios

A meirande parte dos proxectos europeos precisan a participación conxunta de organizacións de varios países de cara a conseguir a necesaria dimensión europea dos mesmos. Esas diferentes organizacións ou socios agrúpanse formando un consorcio. Pode ser tanto unha agrupación permanente, constituída legalmente, como unha agrupación sen formalizar, creada para unha licitación ou convocatoria de propostas concreta. Todos os membros do consorcio, ou o que é o mesmo, o líder ou xefe de fila e todos os demais socios, son responsables ante a Comisión Europea de forma solidaria.

Os portais web dos programas dispoñen de ferramentas para facer máis doada a procura de socios. Do mesmo xeito, varias entidades galegas como a oficina Europe Direct da Deputación de A Coruña ou a propia Fundación Galicia Europa posúen os mecanismos e redes necesarios para poñer en contacto aos diferentes actores interesados en formar un consorcio.

Requisitos comúns a todos os proxectos

Sostenibilidade: A Unión Europea insiste na aplicación dos principios de sostenibilidade nos proxectos que van ser financiados por ela, o que significa aumentar a calidade de vida dos cidadáns tendo en conta os límites dos nosos sistemas naturais, sociais e económicos.

Transnacionalidade: a participación de varios socios de distintos Estados membros aporta ao proxecto unha verdadeira dimensión europea enriquecedora que xustifica o seu financiamento pola Comisión Europea.

Valor Engadido: Refírese as melloras aportados polo proxecto no eido que se está a financiar.

Innovación: Os proxectos teñen que aportar solucións innovadoras e distintas ás tradicionais para os problemas existentes.

Cofinanciamento: Un proxecto non será financiado ao 100% pola Comisión, normalmente a Comisión outorga un 50% do orzamento presentado. Debido a isto, os participantes deben procurar obter fondos adicionais para a consecución do seu proxecto. Existen dous organismos que axudan a cofinanciar proxectos europeos: O Banco Europeo de Investimentos e o Fondo Europeo de Investimentos.

O **Banco Europeo de Investimentos (BEI)** financia proxectos de gran envergadura dirixidos a mellorar as infraestruturas e outros investimentos que promovan o desenvolvemento económico dos territorios da Unión, mediante a concesión de préstamos e garantías sen fins lucrativos.

http://www.eib.europa.eu/

O **Fondo Europeo de Investimentos**, formado pola Comisión Europea, o BEI e as institucións financeiras dos Estados membros, ten como especialidade o fomento das pemes, centrando a súa actividade en dous eidos: as garantías e o capital-risco.

http://www.eif.eu.int/

4 – A remisión do proxecto á Comisión Europea

Unha vez que os formularios estean debidamente cumprimentados, enviarase aos servizos correspondentes da Comisión Europea.

Convén realizar unha inspección polo miúdo tanto do formulario como da documentación que se achega de maneira que se eviten sorpresas desagradables perante a avaliación, así como verificar os prazos de presentación para non quedar excluídos.

Cando os proxectos sexan remitidos efectivamente á Comisión Europea, outorgaráselles un número propio identificativo e procederase á súa análise co fin de escoller os máis axeitados aos obxectivos que se están a perseguir.

Nun principio exclúense todos aqueles que non cumpren cos criterios formais básicos esixidos, por exemplo, a falta dunha sinatura, unha resposta incompleta a algunha das preguntas, un orzamento desequilibrado, etc. Aproximadamente un 30% das propostas adoecen de defectos deste tipo e son rexeitadas nese momento.

Tras esta primeira criba, comeza a avaliación do contido polos servizos da Comisión, que pode contar con apoio externo, normalmente consultoras especializadas en programas europeos. É agora cando se examina a idoneidade, as condicións xurídicas e a capacidade técnica e financeira dos solicitantes, e por outra banda o grao de observancia dos principios e o fomento dos obxectivos que guían o programa.

Debido á forte competencia dos participantes, resulta necesario amosar a máxima rigorosidade e excelencia na presentación, no enfoque e no desenvolvemento previsto do proxecto. Ante a cantidade de proxectos que se presentan, sempre se dará prioridade a aqueles que sexan particularmente innovadores, e que fagan fincapé nos temas que son de especial relevancia para a Unión Europea, e que a continuación se enumeran.

- **Innovación:** consiste na achega de novas solucións a un problema concreto no territorio ou ámbito de actuación. Dita innovación pódese reflectir na temática, no territorio, nos beneficiarios, recursos empregados…
- **Efecto multiplicador:** capacidade dun proxecto ou dunha práctica xerada por un proxecto para producir novos proxectos, efectos ou consecuencias dirixidas a conseguir os obxectivos propostos.

- **Dimensión europea:** os proxectos terán un carácter transnacional, é dicir, será necesario contar con socios doutros Estados membros. Preténdese afrontar un problema concreto a nivel comunitario co fin de levar a cabo un intercambio de posibles solucións ao tema tratado.
- **Igualdade entre homes e mulleres:** é unha das prioridades dentro da política comunitaria de emprego e de asuntos sociais e unha cuestión transversal que terá que ser aplicada no resto das políticas da UE. A igualdade haberá de ser entendida dun modo amplo: igualdade salarial, de acceso ao emprego, condicións laborais…
- **Ambiente:** o desenvolvemento dos proxectos e das políticas comunitarias han de ter en conta en todo momento o respecto do ambiente e un aproveitamento e desenvolvemento sostible dos recursos humanos
- **Emprego**: o proxecto debe estar en sintonía co obxectivo de converter a Europa na economía máis competitiva e dinámica do mundo, capaz dun crecemento económico sostible, mellores postos de traballo e maior cohesión social. O fomento do emprego a través dos proxectos desenvolvidos outorgaralle un gran valor engadido.

© European Community, 2006

5 - A aprobación do proxecto, o seu desenvolvemento e financiamento

No caso de que o proxecto sexa seleccionado, a Comisión Europea enviará un contrato que define os dereitos e as obrigas de cada parte. O modelo de acordo soe ser estandarizado e contén:

- O contrato propiamente dito, con disposicións relativas ao obxecto do proxecto, o lugar de realización, a duración, o custo total estimado, a porcentaxe de contribución comunitaria, os pagos e o envío de informes á Comisión;
- Un anexo técnico coas condicións xerais aplicables;
- orzamento e calquera outra condición específica do proxecto.

Os proxectos réxense polo principio de cofinanciamento, é dicir, que os solicitantes sempre deberán aportar fondos para parte do proxecto. Só en certos casos excepcionais a axuda comunitaria será do 100%. Nalgúns casos os proxectos finánciansе por varios servizos da Comisión; isto é posible sempre que non se trate dos mesmos custos subvencionables.

En canto ao pago das subvencións, xeralmente realízase en dous prazos: un anticipo e un saldo. O número de prazos de pago vai depender dos riscos existentes en cada proxecto. Hai que salientar que o importe da axuda só é definitivo cando se presentan as contas finais. Se existen diferencias co orzamento establecido, a axuda pode ser reducida ou terá que ser reembolsada.

Todas as especificacións da parte económica do proxecto sométense ao réxime establecido polo Regulamento Financieiro do Consello nº 1605/2002:

http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/site/es/oj/2002/l_248/l_24820020916es00010048.pdf

6 - Seguemento, avaliación e difusión do proxecto

O proxecto vai ser controlado polos servizos da Comisión co fin de asegurar a correcta execución do mesmo conforme ao contrato asinado e protexer os seus intereses financeiros.

Cada proxecto contará cun contacto permanente no seo da Comisión, que ben pode ser un axente concreto ou un equipo. Este contacto permanente ten por misión realizar o seguimento da posta en práctica do proxecto a través da análise dos informes e a asistencia as reunións necesarias. Constitúe un nexo de unión para a correcta avaliación e a transmisión de información entre a Comisión e os participantes no proxecto. Por iso resulta moi útil a colaboración activa dos participantes na resposta as preguntas dos avaliadores e auditores, como tamén a participación en reunións ou a cumprimentación de enquisas de avaliación. Ademais, o contacto permanente representa unha axuda valiosa no caso de xurdiren dúbidas ou contratempos ao longo da execución do proxecto. Os tipos de avaliación que se poden atopar nos contratos son:

A **avaliación anual** : coincide co ciclo anual de informe e serve como base para o establecemento da contribución do ano previo;

A **avaliación intermedia**: dálle ou non o pulo á decisión de continuar co proxecto ata a súa finalización;

A **avaliación final**: determina o impacto do proxecto.

Así mismo, a Comisión ten a posibilidade de realizar auditorías **técnicas**, **financeiras**, **tecnolóxicas** ou **éticas**. O contrato especificará o réxime de auditoría que lle permitirá á Comisión realizalas. A auditoría técnica verifica que o proxecto se desenvolva segundo as condicións indicadas polos participantes. Calquera aspecto financeiro do proxecto pode ser tratado nunha auditoría financeira. A auditoría tecnolóxica ten lugar ao final ou antes de pór en práctica o proxecto e trata sobre o uso e a difusión dos seus resultados. En calquera momento a Comisión pode realizar auditorías éticas para verificar que se respecten os principios éticos fundamentais e a normativa nacional.

Difusión dos resultados

Todos os proxectos terán que incluír estratexias e actividades dirixidas a divulgar as experiencias e resultados derivados do proxecto no cadro dun plan de difusión que

abrangua ao maior número posible de destinatarios. Resulta conveniente, mesmo imprescindible, contar co apoio das novas tecnoloxías, e unha tradución a outras linguas europeas.

A Fundación Galicia Europa ofrécese como socio de difusión de proxectos. A entidade promotora dun proxecto ten ao seu servizo os medios e canles da Fundación, podendo sacar utilidade da súa situación física en Bruxelas e dos medios e a rede de contactos de que dispón.

© European Community, 2006

- ***Benchmarking*:** método que permite examinar e comparar os comportamentos e os resultados dunha determinada empresa cos principais e mellores competidores coa fin de aprender dos mesmos.

- **Boas prácticas:** conxunto de actividades desenvolvidas por un proxecto que poden ser aproveitadas e aplicadas por outras entidades que non participaran no mesmo.

- **Convocatoria (*Call for proposals*):** texto legal que invita aos interesados a presentar as súas propostas sobre proxectos ou outras medidas para o desenvolvemento de programas específicos. Estas medidas, xunto cos prazos para a presentación de propostas veñen definidas no "texto da convocatoria" publicado no Diario Oficial da Unión Europea ou no portal web Europa.

- **Efecto multiplicador:** outro aspecto importante a ter en conta no noso proxecto é a súa capacidade de iniciar unha cadea de accións que multiplique o efecto no seu entorno e en outros relacionados.

- **Formulario de candidatura**: impreso que se debe cubrir cos datos dos socios promotores do proxecto e unha breve descrición do mesmo xunto co orzamento estimativo do custo da acción.

- **Guía do usuario:** documento que describe os elementos principais dun programa, as súas accións, actividades, procedementos de solicitude e financiamento que sexan de interese para os potenciais candidatos.

- **Innovación**: é a introdución de novas solucións ou solucións diferentes ás que xa existían no territorio ou no sector de actuación. Os proxectos piloto en canto contidos, métodos ou medidas, son moi valorados dentro dos **Programas Comunitarios**, ata o punto de se poder ampliar a porcentaxe de financiamento aportada pola UE.

- ***Know-how***: coñecementos técnicos transmisibles pero non accesibles ao público e non patentados baseados na experiencia adquirida na posta en marcha dunha técnica ou proxecto.

- **Participación:** Na medida en que sexamos capaces de implicar a un gran número de axentes sociais no desenvolvemento do proxecto, mostraremos unha maior capacidade de xestión e coordinación polo que o noso proxecto será máis sólido e máis crible.

- **Programa Marco:** conxunto de medidas que se encadran nun mesmo programa e que perseguen un obxectivo común, aínda que cada unha delas se centra nunha temática concreta.

- **Proxectos integrados:** un tipo de colaboración entre varias persoas físicas e xurídicas no campo da I+D+i con obxectivos científicos e tecnolóxicos claramente definidos. Deben producir resultados específicos aplicables a produtos, procesos e servizos de xeito que se integren de forma duradeira as capacidades de integración e os recursos e que se reúna á "masa crítica" de pericia necesaria para aumentar os coñecementos nun ámbito concreto e obter resultados ambiciosos.

- **Publicidade da axuda, visibilidade e difusión:** a participación da Unión Europea debe quedar patente en todo o proxecto, tanto pola utilización do seu logo como pola difusión a través do proxecto da idea de Europa.

- **Punto nacional de contacto:** estruturas nacionais establecidas e financiadas polos gobernos dos Estados membros da UE e dos Estados asociados aos programas co obxectivo de ofrecer apoio personalizado e inmediato no idioma da persoa que propón.

- **Redeiras de excelencia (RdE):** é un tipo de colaboración entre varias persoas físicas e xurídicas no campo da I+D que pretende integrar as capacidades de investigación actualmente existentes. O seu obxectivo é avanzar no coñecemento mediante a acumulación dunha masa crítica de recursos e coñecementos. Están orientadas a obxectivos multidisciplinares a longo prazo e fomentan a cooperación entre institucións de investigación públicas e privadas, incluídas as pemes.

- **Seguimento:** este aspecto resulta fundamental se queremos recibir algún tipo de subvención. O sistema de seguimento e avaliación debe estar previsto dende o principio, valorándose positivamente, que á marxe da avaliación interna, contemos con

outra entidade ou organismo que valore de forma independente os resultados do noso proxecto.

- **Transferencia de tecnoloxía:** transmisión ou asimilación, dun país ou mercado a outro, *de know-how* que ten como resultado a innovación.
- **Transnacionalidade:** os proxectos europeos han de cumprir o requisito de ser transnacionais xa que, como norma xeral, necesitarase (dependerá dos requisitos de cada convocatoria) de, polo menos, un socio doutro Estado membro ou país candidato.
- **Transversalidade:** significa incorporar un obxectivo do noso proxecto de todas as actuacións que se leven a cabo e en todas as políticas comunitarias, calquera que sexa o ámbito de actuación.
- **Vademécum de axudas**: documento de apoio coas nocións básicas de xestión de proxectos europeos.
- **Xefe de fila:** socio do proxecto encargado da xestión principal así como da coordinación co resto dos socios e punto de contacto do proxecto coa Comisión Europea.



Structural Funds 2007- 2013:
Convergence and Regional Competitiveness Objectives

Objective

- Convergence Regions
- Phasing-out Regions
- Phasing-in Regions
- Competitiveness and Employment Regions

Based on Eurostat GDP/head data available in April 2005, and on Financial Perspective agreement December 2005

0 1,000 Km

EUROPEAN COMMISSION
DIRECTORATE-GENERAL REGIONAL POLICY
DGREGIO-GIS

España
Convergence and Competitiveness Objectives 2007-2013



Objective
- Convergence Regions
- Phasing-out Regions
- Phasing-in Regions
- Competitiveness and Employment Regions

Boundaries
- National
- NUTS 2

0 250 Km

www.fundaciongaliciaeuropa.eu | Tel. (34) 981 541 012 | Fax. (34) 981 541 013 | santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu |

Novo reparto dos fondos estruturais



Obxectivos e fondos estruturais 2007-2013

OBXECTIVOS	FONDOS ESTRUTURAIS		
Converxencia	FEDER	FSE	Fondo de Cohesión
Competitividade rexional e Emprego	FEDER	FSE	
Cooperación territorial Europea	FEDER		
	Infraestruturas, innovación, investimentos, etc.	Formación profesional, emprego, etc.	Infraestruturas de transporte e medioambientais, enerxías renovables
	Todos os Estados Membros e rexións		Estados cun PIB per cápita inferior ao 90%

Os fondos estruturais en cifras 2007-2013

CONVERXENCIA	81,54%	251.163
Fondo de Cohesión Converxencia Axuda transitoria por efecto estatístico		61.558 177.083 12.521
COMPETITIVIDADE REXIONAL E EMPREGO	15,95%	49.128
Competitividad regional y empleo Ayuda transitoria		38.742 10.385
COOPERACIÓN TERRITORIAL EUROPEA	2,52%	7.750
Cooperación transfronteiriza Cooperación transnacional Cooperación Interrexional		5.570 1.580 392
TOTAL (expresado en millóns de €)	100%	308.041

Programas comunitarios operativos a partir de 2007

AGRICULTURA	— LEADER + — PRODER
AMBIENTE	— LIFE + — MEDIO AMBIENTE — SMAP
ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E MULLER	— DAPHNE II — PROGRESS — ANO EUROPEO DA IGUALDADE DE OPORUNIDADES PARA TODOS (2007) – CARA A UNHA SOCIEDADE XUSTA
AUDIOVISUAL	— PROGRAMA MEDIA 2007
CIDADANÍA	— IRMANDAMENTO DE CIDADES — EUROPA PARA OS CIDADÁNS 2007-2013
CONSUMIDORES	— PROGRAMA DE ACCION COMUNITARIO NO ÁMBITO DOS CONSUMIDORES
COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	— DEREITOS HUMANOS E DEMOCRACIA — AMBIENTE E SOTENIBILIDADE DOS RECURSOS NATURAIS — ACTORES NON ESTATAIS E AUTORIDADES LOCAIS NA COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO — SEGURIDADE ALIMENTARIA — COOPERACIÓN CON PAISES INDUSTRIALIZADOS — MIGRACIÓN E ASILO — INVERTINDO NAS PERSOAS
CULTURA	— CULTURA 2007-2013
EDUCACIÓN E FORMACIÓN	— COMENIUS — LEONARDO DA VINCI — GRUNDTVIG — PROGRAMA TRANSVERSAL PARA O ESTABLECEMENTO DE REDES, ENSINO DE IDIOMAS E USO DAS TIC — JEAN MONNET

ENERXÍA	— VII PROGRAMA MARCO EURATOM — PROGRAMA ENERXÍA INTELIXENTE PARA EUROPA
I+D+i	— VII PROGRAMA MARCO — VII PROGRAMA MARCO EURATOM — KNOW-REG — PROGRAMA MARCO PARA A COMPETITIVIDADE E A INNOVACIÓN (CIP)
INTEGRACIÓN EUROPEA	— FONDO DE SOLIDARIEDADE — EDICOM
PEMES	— AL-INVEST III — ASIA-INVEST II — PROINVEST — PROGRAMA MARCO PARA A COMPETITIVIDADE E A INNOVACIÓN (CIP)
POLÍTICA REXIONAL	— URBAN — INTERREG III
SAÚDE PÚBLICA	— PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIO NO EIDO DA SAÚDE PÚBLICA
SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	— eCONTENT PLUS — SAFER INTERNET PLUS — eEUROPE 2010
TRANSPORTES	— MARCO POLO II
XUVENTUDE	— XUVENTUDE EN ACCIÓN 2007-2013
XUSTIZA E INTERIOR	— FONDO EUROPEO PARA OS REFUXIADOS — AGIS — INTI